

RESUMEN ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 04 DE ABRIL DE 2014.

1º.- OBRADOIRO DE EMPREGO.

A Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto referido denominado OBRADOIRO DE EMPREGO PARA A RECUPERACIÓN DE FONTES E LAVADOIROS EN SILLEDA

2º.- Solicitar subvención por importe de 266.502,60 € para o seu desenvolvemento, ao abeiro da Orde da Consellería de Traballo e Benestar do 23 de Decembro de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2014

2º.- RECOÑECIMIENTO DE TRIENIOS.

A Xunta de Goberno Local, acorda recoñecer a Sergio Requeijo Villar os trienios cumpridos ata a data de hoxe, segundo certificado de servizos prestados que adxunta a solicitude.

3º.- SOLICITUDE DE CAMBIO DE VEHÍCULO DA LICENZA DE AUTOMÓVILES DE SERVICIO PÚBLICO - TAXI, CLASE B, Nº 8

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a Dº Santiago López Fernández, para substituír o vehículo marca FORD, matrícula 4037-FKW, que será baixa no servizo público de taxi, polo vehículo marca VOLKSWAGEN, modelo CADDY, matrícula 2696-HWC.

4º.- PLAN PROVINCIAL DE EMPREGO 2014.

A Xunta de Goberno Local acorda proceder á convocatoria e aprobar as bases para a selección de dez traballadores desempregados para a realización da obra ou servizo denominado "Plan de Limpeza, Acondicionamento de Áreas Verdes e Aforro Enerxético 2014" con cargo ao Concello de Silleda e ao Plan Provincial de Emprego da Deputación.

5º.- EMERXENCIA SOCIAL.

A Xunta de Goberno Local acorda a concesión dunha axuda de 111,82 € con cargo ó fondo de emerxencia social.

6º.- BASES QUE REXERÁN A SELECCIÓN PARA A CONCESIÓN DE UNHA BOLSA DE COLABORACIÓN COA FEUGA PARA A REALIZACIÓN DE TAREFAS DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN TURÍSTICA NO PUNTO DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DO MOSTEIRO DE CARBOEIRO.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar as Bases que rexerán a selección para a concesión dunha bolsa de colaboración coa Feuga, para a realización de tarefas de información e atención turística no punto de información turística do Mosteiro de Carboeiro.

7º.- PROGRAMA DE COLABORACIÓN SOCIAL.

A Xunta de Goberno Local acorda acollerse ó Programa de Colaboración Social regulado no R.D. 1445/1982 da Consellería de Traballo.

8º.- ESPINA Y DELFÍN.

A Xunta de Goberno Local acorda prestar aprobación ás solicitudes de abastecemento e saneamento correspondentes ós meses de febreiro e marzo de 2014

9º.- DANOS CAUSADOS POLO TEMPORAL.

Dase conta do informe emitido polo Arquitecto-Asesor Técnico relativo os danos acusados polo temporal no termo municipal de Silleda.

10º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non hai intervencións.